

VECIÑANZA ESÍXELLE AO GOBERNO MUNICIPAL QUE ACLARE AS SÚAS INTENCIÓNS A RESPECTO DO PXOM

- *O Goberno Municipal leva dende febreiro sen contestar as preguntas de Veciñanza a respecto a tramitación do PXOM.*
- *Cúmprese un ano dende que o actual goberno liquidara o contrato de redacción do PXOM, vixente dende 2004, e que acumulou un custe de máis de 100.000 €.*
- *Veciñanza esixirá no pleno da vindeira semana que o PSOE aclare cales son as súas intencións a respecto da ordenación urbanística de Cuntis.*

Cuntis, 23 de setembro de 2020

O 27 de setembro de 2019 o Alcalde de Cuntis asinaba o decreto que liquidaba o contrato de redacción do PXOM de Cuntis, vixente dende o ano 2004 e que levaba absorbido **máis de 100.000 €**. Nin os sucesivos gobernos de PP nin de PSOE foron capaces tan sequera de presentar ante o pleno municipal un documento para a súa aprobación inicial. **Os veciños e veciñas de Cuntis pagaron as facturas pero a día de hoxe non dispoñen de regulación urbanística propia**, co que iso dificulta as posibilidades socioeconómicas dun municipio en declive demográfico como é o noso (http://www.veciñanza.gal/2019/10/19/pp-e-psoe-de-cuntis-levan-tirados-mais-de-100-000-euros-publicos-no-contrato-de-redaccion-dun-pxom-que-seguen-a-prometer/?fbclid=IwAR1sAyhp-QINHpJqD8XdRhEsEbYH6QHfG_AjqizcJJM21lpfQzn8rsGBSQ4).

O 10 de febreiro de 2020, Santi Martínez, en calidade de Voceiro do Grupo Municipal de Veciñanza **rexistraba no Concello de Cuntis un documento con varias preguntas para a súa resposta por escrito por parte do Goberno Municipal** a respecto de cales eran as súas intencións no asunto do PXOM. Recordaba que a elaboración do plan xeral de ordenación municipal era un asunto que figuraba no programa de goberno do PSOE, que gañou as eleccións municipais, pero tamén nos do resto de formacións políticas. Demandábase a resposta por escrito ás preguntas “*Cal é a idea que ten o Grupo de Goberno a respecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal?*”, “*cando sacará a concurso o contrato de redacción para a elaboración do PXOM?*” e “*terá Cuntis un novo PXOM na presente lexislatura?*”.

Máis de sete meses despois, o Goberno Municipal nin contestou ás preguntas nin aclarou que intencións ten a respecto do PXOM. Isto demostra en primeiro lugar un nivel de **arrogancia e desprezo polo funcionamento das institucións** absolutamente impropio dun gobernante. Os grupos da oposición teñen a obriga de fiscalizar o traballo dos gobernos, e estes o deber de, cando menos, actuar coa humildade suficiente de atender as formulacións que fan os lexítimos representantes dos e das veciñas. Pero ademais deste tipo de actitudes, **o feito de non responder a unha cuestión tan sensible dá conta da non existencia de alternativas** en asuntos de tanta importancia como é o PXOM para Cuntis. A ordenación urbanística é un instrumento





imprescindible para combater o despoboamento e a tendencia negativa que padece o municipio, pero o goberno do PSOE non a volveu tocar dende a redacción do seu programa electoral.

Veciñanza levará de novo a necesidade de aprobar un PXOM ao pleno da vindeira semana. O incumprimento das promesas electorais é algo do que o grupo de goberno terá que dar conta ante os seus /as súas votantes, pero son todas as familias de Cuntis as que pagan as consecuencias da incapacidade do goberno municipal en materias de tanta importancia.

